

A prehistoria abrangue dende a aparición do home ata a aparición da escritura e clasifícase en:

Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais.

No Paleolítico eran nómades, vivían da caza e da recolección, usaban ferramentas simples de pedras e ósos e facían pinturas rupestres de pedras e ósos.

No neolítico apareceu a agricultura e os humanos fixéronse sedentarios, empezaron así a vivir en vilas. Destaca a cerámica e o tecido.

Cando comezaron a usar os obxectos de metal é cando empeza a Idade dos Metais. Destacan os menhires e dolmens.

Civilizacións da Idade Antiga: Comeza coa aparición da escritura. Destacan os íberos e celtas na Península Ibérica. Os íberos ocuparon o leste e os celtas o centro e norte da Península Ibérica. Estes últimos vivían en castros e eran especialistas no Ferro e bronce.

Os gregos viviron ao leste do Mediterráneo pero fundaron colonias na Península. Inventaron a democracia, a ciencia, o teatro, xogos olímpicos...

Os romanos conquistaron a Península Ibérica e deixáronnos o latín(da que proveñen moitas das linguas actuais), o dereito romano, fundaron cidades, acuedutos...